

CO₂RUÑA



Falcón peregrino
Falco peregrinus

NÚMERO 9

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**

CONCELLO DA CORUÑA

A CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE ESTIVO PRESENTE NO DÍA DA CIENCIA NA RÚA

Vivimos nunha cidade onde se xeran diariamente toneladas de residuos. Aínda que desde os plans municipais facemos todo o posible por evitar que cheguen á natureza, é tarefa conxunta o comprometerse na súa futura revalorización, desde que os residuos chegan ás nosas mans, dende o noso propio domicilio.

Nesta xornada compartimos coa veciñanza esta inxuedanza a través do programa de educación ambiental. As nosas colaboradoras nesta mañá de maio non podían ser máis fermosas: as aves urbanas.

Nesta actividade destinada a tódalas idades, quen se acercou ata Santa Margarita puido coñecer as especies de aves máis características deste pulmón verde urbano. Entre elas tivemos a sorte de contemplar tanto as que son de medios forestais e utilizan os piñeiros e o resto de árbores do parque para buscar a súa alimentación e soportar os seus niños, como outras propias de ambientes máis urbanos que dende hai décadas están afeitas a pasar todo o ano preto dos nosos domicilios.

O paseo polo Parque consistiu nun percorrido de 45 minutos durante o cal se foron observando diferentes especies e comentando distintos aspectos da súa bioloxía e ecoloxía na cidade. Ao mesmo tempo, introducíronse conceptos destinados a fixar nos participantes nocións relacionadas co problema que supón para as aves a liberación de plásticos nos ambientes que compartimos con elas. Este era o motivo principal de reflexión na xornada da ciencia na rúa, coñecendo que estes materiais son un reflexo do problema da xestión de residuos, tanto a nivel local como planetario.

O obxectivo de poñer á disposición dos participantes os coñecementos que lles permitan cambiar certos hábitos respecto do consumo de plásticos foi conseguido.

A xestión destes residuos no fogar é fundamental para que non cheguen á natureza, invadindo espazos alleos e que deberíamos ter a bo recado. As cidades, que ocupan a escala planetaria un ámbito tan relevante, deixan sentir a súa repercusión máis alá do seu propio contorno; por iso é fundamental o xeito de xestión dende o ámbito domiciliario e municipal.

Contribuír ao Día da Ciencia na Rúa cunha actividade vinculada á posta en valor da biodiversidade e o fomento da súa conservación é un xeito de acercar a concienciación ambiental á cidadanía. É o único modo de obter unha vida plena compartida con tódolos seres vivos que nos acompañan na nosa andaina polo mundo.



DÍA DA BIODIVERSIDADE

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou o 22 de maio como o Día Internacional da Diversidade Biolóxica, mediante a resolución 55/201, co propósito de informar e concienciar á poboación e aos Estados sobre as cuestións relativas á biodiversidade. A data elixiuse para que coincidise co aniversario da aprobación do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica en 1992.

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas proclamou o 22 de maio como o Día Internacional da Diversidade Biolóxica, mediante a resolución 55/201, co propósito de informar e concienciar á poboación e aos Estados sobre as cuestións relativas á biodiversidade. A data elixiuse para que coincidise co aniversario da aprobación do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica en 1992.

O destino da humanidade depende da diversidade biolóxica, da riqueza e variedade dos seres vivos do planeta. É esencial para o desenvolvemento sustentable e para o benestar dos humanos, e clave para reducir a pobreza. O termo Biodiversidade foise impondo na axenda dos dirixentes do Planeta pero, lamentablemente, aínda está afastado o momento no que supoña un condicionante das políticas internacionais. Con todo, é un feito que máis de 3000 millóns de persoas dependen da biodiversidade mariña e dos litorais para subsistir e outros 1600 millóns dependen dos bosques. A perda da biodiversidade ameaza ecosistemas únicos no Planeta, á vez que destrúe modos de vida de sociedades máis respectuosas coa súa contorna. O modo actual de vida, no que impera o concepto do desenvolvemento económico por riba de calquera condicionante, devora recursos sen contemplar as oportunidades que esconden e que poderían ser solucións a futuros problemas. Por todo iso, é importante que as estratexias para a protección da biodiversidade tamén inclúan medidas para a protección contra a pobreza e a promoción dun desenvolvemento sostible.



O día da Biodiversidade

Dentro do programa de educación ambiental municipal neste ano 2016 os protagonistas foron os rapaces e rapazas do CEIP Concepción Arenal. A actividade realizada consistiu nunha parte formativa, mediante un audiovisual, e outra presencial, no campo, cunha xornada de anelamento científico. O alumnado deste centro presenta sempre unha especial predisposición para os programas que contan cos animais entre os seus protagonistas. De feito, neste ano escolar xa visitaron o Centro de Acollida de Animais e agora completaron con esta nova participación a súa aprendizaxe.



O anelamento de aves

O anelamento científico de aves comezou a practicarse hai máis de 100 anos como unha forma de coñecer de onde procedían as aves que pasan parte do tempo en Europa. Co tempo, converteuse nunha ferramenta moi utilizada polos científicos para coñecer máis sobre múltiples aspectos da vida das aves silvestres, como cantos anos viven, canto pesan, que diferenzas hai entre machos e femias, cal é a fenoloxía da súa migración ou como varían os tamaños poboacionais entre anos.

Grazas á individualización do exemplar é posible estudar aspectos da bioloxía das aves que non se poden coñecer con outros métodos de estudo. Todo iso permite contribuír á súa conservación.

Cada argola leva un número a modo de DNI e unha dirección ou remite de contacto.

Mediante este método obtense información sobre as aves aneladas e as poboacións ás que pertencen, como os movementos e migracións, as taxas de mortalidade ou a supervivencia. Ademais, a captura e o estudo do ave en man permite coñecer o sexo e a idade dos individuos, polo que se poden comparar os resultados obtidos entre machos e femias, ou entre distintas clases de idade.



CHARLA SOBRE O COMERCIO DE ESPECIES PROTAXIDAS

IES PUGA RAMÓN

30 DE MAIO DE 2016

As rapazas e rapaces do IES Puga Ramón inauguraron, aínda no último día do mes de maio, unhas datas repletas de actividades no programa de educación ambiental do Concello da Coruña. Deron saída a un mes repleto de accións en prol do medio ambiente.

Como comprobamos diariamente, os problemas máis perentorios do Planeta e das sociedades que o habitan teñen detrás, na maioría dos casos, problemas ambientais. O noso século augura unha onda de persoas refuxiadas como consecuencia do cambio climático. Os acordos de París de decembro do 2015 non deixan lugar ás dúbidas: é urxente non perder nin un minuto máis. Durante todo o ano o programa municipal contempla actividades para toda a cidadanía pero, no sinalado mes de xuño, aínda se ven máis reforzadas porque a presenza de temáticas naturais nos medios gaña presenza en noticiarios, entrevistas, dominicais, etc.

Falemos de comercio de especies protaxidas

A temática do audiovisual e a charla posterior co alumnado IES Puga Ramón foi o comercio de especies protaxidas, tema elixido este ano pola UNESCO para reflexionar nesta xornada.

As sociedades desenvolvidas viven inmersas nunha espiral de consumo desatado. Os indicadores do progreso destas civilizacións en moitas ocasións teñen que ver en moitas ocasións, precisamente, cos seus niveis de gasto per cápita e o índice de bens consumidos. Desde os medios de comunicación anímase ao gasto como unha fórmula de incentivar a mellora do desemprego e as oportunidades de saída da crise. O parque automobilístico precisa ser renovado con maior aceleración co obxectivo de que estas empresas tan demandantes de tecnoloxía e operarios dinamicen outros sectores vinculados. O mesmo ocorre coa vivenda e, en realidade, con todos os sectores produtivos. Con todo, a alerta planetaria aconsella reducir o consumo porque a pegada ecolóxica por habitante no mundo fai insostible o modelo cando, ademais, a demografía ameaza con continuar crescendo.

Pero non contentos con isto, os países empobrecidos soportan outra pesada carga sobre as súas costas: o comercio de materias primas e animais dende as súas fronteiras ata os países desenvolvidos. Estudos sobre o tema reflexan que podería ser o terceiro sector económico que máis diñeiro move no planeta, con consecuencias, neste caso sobre a natureza, de proporcións catastróficas. Sobre estes temas e outros afíns, no IES Puga Ramón realizouse unha proxección dun audiovisual comentado e un coloquio posterior co alumnado de primeiro e segundo de bacharelato. Ademais, no seu centro exhibiuse, desde xornadas anteriores, unha exposición acerca do cambio climático e o medio ambiente que serviu de antecedente á conversa.

XUÑO, O MES DO MEDIO AMBIENTE


O programa municipal de educación ambiental dispón de actividades ao longo de todo o ano. O medio ambiente ofrécenos excitantes novidades en cada estación. A nosa interacción coa natureza nunca se detén, e os distintos ecosistemas non paran tampouco na súa evolución ao longo dos meses.

Pero desde o punto de vista social, hai un mes no hemisferio norte que é o máis sinalado polas accións que autoridades e cidadanía dedican ao medio ambiente. É o mes de xuño.

Programas escolares

No mes de xuño conclúen as actividades lectivas nos centros. A piques de comezar as vacacións, as últimas xornadas de clase son de apuro nas avaliacións, de estrés de exames, etc. Por esta razón, no programa de educación ambiental son datas destinadas ao público de menor idade. A primavera está xa no seu esplendor e o profesorado prefire estas datas para saír das aulas. O cambio de rutina suple o esgotamento ao que se enfrontan nas últimas xornadas, que ademais poden ser calorosas, apetecibles ao exterior. Percorrer a ribeira do río Mero no programa da "Ruta da Auga" ou Punta Herminia e San Pedro co alumnado do "Vexo Vexo" é sinónimo do final do ano escolar.

Algo cambiou con todo no 2016. Algunhas choivas inesperadas no comezo da primavera atrasaron as datas das visitas a grupos que debían de terminar antes a súa programación e obrigaron a reestruturar calendarios. Como novidade tamén, dous centros educativos decidiron realizar a súa saída de fin de curso con contidos ambientais. Eles mesmos solicitaron á área municipal o traballo de acompañamento guiado nestas saídas. O Parque Natural das Fragas do Eume e os asombrosos farallóns de cabo Vilán foron os destinos elixidos. Nas Fragas o centro de interpretación, a riqueza botánica, a fauna e o río fixéronse co protagonismo. No segundo, a asombrosa natureza do litoral combinouse coa riqueza patrimonial da zona e a literatura. O fío condutor foi neste caso a novela "Volverás Golfiño" de A. Maceiras.



Día do Medio Ambiente

Os días 4 e 5 de xuño coincidiron en sábado e domingo. A programación para estas datas foi destinada, polo tanto, a grupos familiares. Os puntos de encontro, en quenda de mañá e tarde, situáronse en San Pedro e a recepción de visitantes da Torre no aparcamento de Punta Herminia. A proposta foron percorridos guiados coñecendo os valores ambientais e paisaxísticos destas dúas atalaias sobre o mar na cidade.

Ademais dos grupos organizados que visitaban a zona da Torre, que nos prestaron uns minutos de atención antes de visitar o monumento, pequenos grupos de cidadáns achegáronse durante o fin de semana para pasear relaxadamente en ambos destinos. Contemplar as vistas, gozar do trino das aves que teñen os seus niños na zona ou apreciar a beleza de campas costeiras baixo o agradable sol do final da primavera, causaron a lelicia de guías e visitantes.

Os escolares...

O luns e o martes a quenda foi para os escolares. Na Casa da Auga, alumnado dos colexios CEIP Víctor López Seoane e CEIP Concepción Arenal foron os asistentes aos talleres de educación ambiental durante estes dous intensos días. A través da ortofoto da nosa cidade instalada na entrada, observamos con eles os equipamentos destinados ao coidado do medio ambiente na cidade, os puntos de maior diversidade no noso municipio ou a situación do seu colexio. Tamén gravamos vídeos reivindicativos a favor da conservación das paisaxes e as especies animais, de responsabilidade, concienciación e compromiso ambiental.



Día dos océanos

Unha cidade peninsular co Atlántico na nosa costa batendo as rocas do litoral, ou manso nas nosas baías do Orzán e Riazor, esixe que o Día dos Océanos teña un protagonismo propio no calendario.

Este ano foron os alumnos e alumnas da Grande Obra de Atocha as que celebraron connosco este día. Con elas gozamos dunha xornada mirando ao mar. Iniciámola cunha charla acerca dos problemas de contaminación dos océanos para logo percorrer zonas da nosa costa moi relevantes. O instituto oceanográfico, a torre de vixilancia marítima e, por suposto, o noso faro da Torre de Hércules, foron paradas obrigadas. No ámbito das construcións humanas vinculadas á investigación e o tráfico marítimo non os hai máis notables.

As aves mariñas, os mamíferos da costa, as praias como ecosistema e zona de lecer ou a importancia no modelado da nosa paisaxe por parte do océano ocuparon a parte ambiental da visita. Para rematar, na zona de Punta Herminia, unha lectura de homenaxe en forma de manifesto conservacionista pechou a xornada do día 8 de xuño fronte ao mar.



San Xoan, noite meiga

Durante todo o mes de xuño sucedéronse as accións ao redor da Noite de San Xoan. Na tarde e madrugada do 23 ao 24 nos areais e barrios da nosa cidade miles de coruñesas e coruñeses gozaron da noite máis festiva e buliciosa do ano.

A festa é de tal magnitude que tamén supón un operativo moi esixente para quen se encarga de velar pola seguridade na cidade. A policía local, protección civil, o persoal da Cruz Vermella, etc. poñen todas as *sardiñas no asador* para que a noite sexa un éxito.

Nos programas de educación ambiental, separadamente das tarefas da propia noite, unha nova xornada de concienciación tivo lugar este ano como experiencia piloto. Tratouse dunhas charlas destinadas a bachareis. O propósito das mesmas é cambiar certos hábitos estendidos e relacionados coa noite, tanto no ámbito da saúde como no do respecto polo patrimonio ambiental. O noso plan de residuos (máis activo que nunca) e o interese e a importancia de contribuír á separación selectiva nesa xornada en especial, así como a estima pola imaxe que a nosa cidade proxecta por todos os medios de comunicación nesa noite e a mañá seguinte, foron claves. E como xa se mencionou, a autoprotección de cada un dos sanxoaneiros e sanxoaneiras.

A animada conversación coas alumnas e alumnos do IES Puga Ramón entre risas, anécdotas e con ton distendido ao redor dunha noite que nos mete de cheo na festa e as vacacións, foi unha fórmula perfecta de éxito. As mozas e mozos destinatarios ben seguro que afrontaron esta noite dun xeito diferente a anos precedentes: co ánimo da diversión sobre todo, pero tamén co coñecemento de que a aposta polo medio ambiente é de tódolos días e sobre todo, de que a súa seguridade e a súa saúde non só supoñen a primeira preocupación nas súas casas senón tamén para as autoridades.

A praia e os barrios

O dispositivo na praia e nos barrios para a Noite Meiga é moi importante. A prevención de riscos e a seguridade son o principal dispositivo pero, en combinación con elas, o medio ambiente ten unha importancia cruce. Na praia do Matadoiro singularmente, cun operativo instando aos que ata alí se achegaban a depositar selectivamente os residuos, pero tamén en todos os vomitorios dos areais con persoal de Ecovidro animando á separación selectiva do vidro.

Cada ano son máis os estímulos dirixidos aos cidadáns para minimizar o impacto e a pegada ecolóxica da festa. É un longo camiño pero que dá, ano a ano, pasos decisivos e firmes.




Exposicións

Desde o principio de ano dúas exposicións da área de medio ambiente exhibíense en distintos espazos municipais ou escolares. Durante o mes de xuño, ambas itineraron en centros cívicos e vestíbulos de colexios. En particular, o colexio Alborada desenvolveu en torno á exposición de Fauna Alada unha interesante unidade educativa para o seu alumnado máis pequeno. No marco da celebración do Día do Medio Ambiente, a exposición do Cambio Climático exhibiuse no IES Puga Ramón nas xornadas previas á charla sobre o comercio internacional de especies animais.

Pero aínda hai máis...

Exposición sobre Bioconstrución do CIFP Someso

A prolífica colaboración co CIFP Someso deu un novo paso. O profesorado da familia da construción que imparte as súas clases neste instituto ten unha dedicada vocación cara á bioconstrución. Materiais sostibles, balas de palla, muros autoportantes, cortiza, conchas de mexillón como illante... son vocabulario frecuente nas súas aulas. Por esa razón, este ano, dentro dos programas relacionados coa eficiencia enerxética, una das visitas dos mozos e mozas desenvolveuse coñecendo a vivenda prototipo alí construída. A estreita relación que inauguramos co CIFP favoreceu que nos días finais do mes de xuño e os primeiros do mes de xullo, boa parte destes materiais, xunto coa exposición do Cambio Climático, fosen exhibidas na sala Salvador de Madariaga (no *hall* da Biblioteca Infantil e Xuvenil de Durán Loriga). Probablemente non será a última vez que ambas se exhiban xuntas, pola súa verdadeira relación e porque a promoción de iniciativas como as que na formación profesional superior realiza Someso é clave para a sostibilidade futura das nosas vivendas.



EXPOSICIÓN

Bio
CONSTRUCCIÓN
C.I.F.P. SOMESO

Sala de Exposicións
Salvador de Madariaga

do 29 de xuño ó 11 de xullo

Achégate a un xeito de construír
máis respectuoso coa Natureza

CORUÑA VIVA

Ayuntamiento de A Coruña
Concello de Coruña

CORUÑA
MEDIO AMBIENTE

Celebración da Semana das Enerxías Sostibles

Acompañando a esta colaboración, nos Xardíns de Méndez Núñez construímos ¡cociñas solares! A alternativa dos fornos e as cociñas solares ten un futuro prometedor. Sobre todo, naqueles territorios que gozan de máis horas de insolación, pero tamén en latitudes como a nosa en datas estivais. O construír unha pequena cociña solar é un labor de bricolaxe sinxelo, aínda que pode complicarse tanto como desexemos con modelos e utilidades. As que nós construímos con nenas e nenos que se achegaron ao taller porque o viron publicado ou cos grupos concertados, ou os concertados co campamento da Cruz Vermella que solicitou participar no evento, foron un éxito, pola súa sinxeleza e a súa efectividade. Este foi o noso modelo:



Semana da Enerxía Sostible



Taller

Mini Cociñas solares


29 e 30 de xuño
dúas quendas, de 10:00 a 11:15 e de 11:30 a 13:00
Xardíns de Méndez Núñez (fronte ó Kiosko Alfonso)

Ánimate a visitar a exposición "Bioconstrución" do
CIFP SOMESO na sala de exposicións Salvador de Madariaga

 CORUÑA VIVA  Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña  CORUÑA MEDIO AMBIENTE 

CineForum ambiental

Gozar dunha boa película sempre é gratificante, en calquera data. Con todo, a miúdo esperamos ás datas do verán para dedicar máis tempo a este lecer cultural. Desde a Concellaría, en meses precedentes retomouse unha fórmula clásica moi popular no pasado: a emisión dunha película e o posterior faladoiro. Os temas ambientais non soen ocupar estas emisións, polo que un pequeno ciclo con películas desta temática debe resultar atractivo para a cidadanía que desexa cambiar impresións, comentarios ou escoitar a especialistas nos temas proxectados. Os días 15, 22 e 29 de xuño no Fórum Metropolitano marcaron o camiño dun futuro de realidade cinematográfica que ten ánimo de perpetuarse.



Colaboración coa Asociación Galega de Arboricultura

A Asociación Galega de Arboricultura elixiu o Parque de Santa Margarita para o seu encontro anual. No mesmo, para os seus asociados e todos os que se quixeron achegar ata alí esa xornada, mostráronse técnicas de conservación de árbores singulares en contornas urbanas e, en xeral, coidados culturais relacionados con masas forestais ou árbores illadas. Nesta mañá soleada do sábado 18, o exitoso obradoiro de bombas de sementes concitou moita expectación entre os adultos. Non obstante, o protagonismo foi para un activo grupo de nenos e nenas que contribuíron coas súas manualidades a unir un proceso de rexeneración natural e un valioso taller educativo. A técnica do xaponés Fukuoka nunca tivo mellores embaixadoras.



E máis e máis...

O mes de xuño tivo moitas máis actividades. Varias relacionadas con San Xoan, outras coa biodiversidade nos barrios que tiveron como sede as bibliotecas ou os centros cívicos, observación de aves con maiores, etc.

*Só é o comezo dunha nova tempada...
a do verán en praias e outras moitas actividades.*





**CORUÑA
VIVA**

CO₂RUÑA

www.coruna.es/medioambiente

síguenos en:



C02Coruña



@C02Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

Para más información sobre os
Programas de Educación Ambiental

981 903 834
educacionambiental@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
MEDIO AMBIENTE

